

ADXUDICACIÓN

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia, SA) convocou un Procedemento Aberto para a contratación da obra, **“OBRA250101- Accesos, aparcadoiros e urbanización da parcela da área de servizo no P.Q. 80,5 da AG-53”** cumpríndose os trámites en materia de contratación, así como os requisitos establecidos no Prego de Bases.

Realizados os estudos pertinentes pola Mesa de Contratación, e de acordo coa proposta formulada pola mesma, o Consello de Administración de SPI-Galicia na reunión celebrada o día 25 de setembro de 2025, clasificou (por orde decrecente) as proposicións presentadas polos licitadores non excluídos. Presentada a documentación en prazo por parte da empresa clasificada en primeiro lugar.

O Presidente de SPI Galicia, SA resolve:

Primeiro.- Adxudicar o contrato á **UTE. CIVIS GLOBAL-COVSA** por un importe de **dous millóns seiscientos noventa e nove mil trescentos corenta e nove euros e oitenta céntimos (2.699.349,80 €) IVE non incluído**, cunha baixa do **9,35%**, por ser a que mellor puntuación obtivo no baremo.

Segundo.- Que pola empresa adxudicataria se proceda á firma do contrato na contía, forma e prazos que determina o Prego de Bases.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso en materia de contratación de acordo co estipulado na LCSP segundo se recolle no apartado 2.1. do Prego.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Presidente do Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A.
Francisco Menéndez Iglesias

